



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 31 /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE MEMORIA DEMOCRÁTICA REFERIDAS ÁS FOSAS DE SERANTES (FERROL), BOISACA (SANTIAGO DE COMPOSTELA) E BEIRA (CARRAL)

No Pazo Provincial de A Coruña, a 16 de marzo de 2026.

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña,

REUNIDOS

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Don Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC)

As partes comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas

EXPOÑEN

Primeiro.- Os Estatutos da USC desenvolven as funcións da Universidade que son, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica dos coñecementos científicos, técnicos, artísticos e humanísticos, de modo que se imparta unha educación baseada nos principios democráticos, a defensa da paz e os dereitos humanos mellorados.

As actividades a desenvolver no marco deste convenio serán realizadas polo Grupo HISTAGRA, da USC, vinculado o centro de investigación CISPAC, que é un grupo de investigación recoñecido pola súa labor no campo da historia contemporánea, e que ten entre os seus obxectivos, a investigación histórica, o estudo do pasado contemporáneo e a divulgación da memoria histórica e democrática.

A USC, a través do Grupo HISTAGRA, dirixirá e coordinará os traballos realizando o seguimento da investigación e validando os resultados. Para iso, conta cun equipo referente nos estudos sobre memoria democrática tanto polos seus traballos académicos como pola experiencia acumulada nos últimos anos con encargos semellantes a este por parte de diferentes administracións públicas de Galicia e do Estado.

Os traballos obxecto deste convenio forman parte da investigación do Grupo HISTAGRA desde que en 2006 se lle encomendara a realización do proxecto "nomesevoces" cuxa principal tarefa foi estudar a violencia golpista durante a Guerra e posguerra, así como ofrecer á sociedade os datos relativos ás persoas que sufriron algún tipo de persecución neste período. Esta tarefa abordouse desde a perspectiva da investigación histórica, como parte dun crecente interese da sociedade polo estudo da violencia franquista e as consecuencias desta. Desta investigación xurdiron varias

publicacións, conferencias e a realización de teses doutorais dirixidas polos membros do equipo que se propón.

Segundo.- A Deputación provincial da Coruña é beneficiaria dunha subvención por importe de 150.000,00 € ao amparo do *Real Decreto 866/2025, de 30 de septiembre, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a favor de determinadas entidades locales y de la federación española de municipios y provincias*, para a execución dun proxecto de estudo, localización, excavación y exhumación de restos humanos, en las fosas de Serantes (Ferrol), Boisaca (Santiago de Compostela) y Carral (Santa María de Beira).

Terceiro.- A Deputación Provincial da Coruña e a USC teñen un interese común e coincidente na realización de accións conxuntas para poñer en marcha as accións citadas no apartado segundo relacionadas coa Memoria Democrática, que o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática está a impulsar para a busca e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil ou a represión política posterior.

Polo exposto, as entidades acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións.

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a USC para levar a cabo as seguintes actuacións de Memoria Democrática na provinciano ano 2026.

As actuacións a realizar consisten en traballos técnicos de investigación, localización e exhumación de persoas desaparecidas en fosas da Guerra de España e o Franquismo, en particular, as seguintes:

a) Fosa de Serantes (Ferrol).

Fosa en parte destruída e reducida. Aquí foron inhumados un mínimo de 190 corpos. Cómpre facerse un exhaustivo estudo histórico sobre a evolución da fosa, do cemiterio e os cambios do espazo. Realizaríase un estudo histórico dos asasinados, da fosa e do espazo así como unhas catas arqueolóxicas. Así mesmo, atenderíase á divulgación social e académica dos traballos. A parte xenética e de recoñecemento quedarían para unha segunda fase, onde, atendendo os resultados da Fase I, decídase abrir o resto da fosa (xa non catas) e analizar os restos que se atopen.

b) Fosa de Boisaca (Santiago de Compostela).

No cemiterio de Santiago de Compostela foron inhumados un mínimo de 97 corpos. Descoñécese o lugar da fosa ou das fosas, hai que facer un estudo exhaustivo das fosas e dos cambios do cemiterio. Tamén de supostas exhumacións clandestinas. Realizaríase un estudo histórico dos asasinados, das fosas e do espazo así como unhas catas arqueolóxicas. Así mesmo, atenderíase á divulgación social e académica dos traballos. A parte xenética e de recoñecemento quedarían para unha segunda fase, onde, atendendo os resultados da Fase I, decídase abrir o resto da fosa (xa non catas) e analizar os restos que se atopen.

c) Fosa de Beira (Carral).

No cemiterio de Beira (Carral) foron inhumadas un mínimo de 14 persoas. Trataríase de dúas fosas como mínimo no mesmo cemiterio, unha parcialmente destruída e outra sen unha localización segura. Realizaríase un estudo histórico dos asasinados, da fosa e do espazo así como unhas catas arqueolóxicas. Así mesmo, atenderíase á divulgación social e académica dos traballos. A parte xenética e de recoñecemento quedarían para unha segunda fase, onde, atendendo os resultados da Fase I, decidíase abrir o resto da fosa (xa non catas) e analizar os restos que se atopen.

Traballo transversal ás tres fosas:

Gravación audiovisual das tres exhumacións, con cuxo material, nunha fase posterior de recoñecemento se puidera elaborar un audiovisual.

Estas actuacións deberán desenvolverse e concluírse consonte o establecido no Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da Guerra Civil e a Ditadura e deberán estar finalizadas o 7 de novembro de 2026.

Por parte da USC, a través do Grupo Histagra, que ten como IP ao Catedrático de Historia Contemporánea Lourenzo Fernández Prieto, dirixirase e coordinarase un equipo de investigación que desenvolverá as seguintes actuacións:

- Actualización dos datos sobre as fosas propostas: Serantes (Ferrol), Beira (Carral) e Boisaca (Santiago de Compostela), documentación e localización.
- Mantemento e actualización do portal <http://fosas.nomesevoces.net/> onde se amosan os contactos para as familias e asociacións, así como o traballo do equipo proposto.
- Coordinación dos traballos propostos (Historia, forense, arqueoloxía, comunicación, material académico e bibliográfico) e atención a familiares e asociacións para a recollida de datos, documentos e mostras forenses.
- Investigacións preliminares e informe final: documentación, coñecemento, entrevistas, arquivos. Na redacción do informe final terase en conta o punto III, apartado D) do Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da Guerra Civil e a Ditadura.
- Intervención da cata arqueolóxica das fosas designadas: Serantes (Ferrol), Beira (Carral) e Boisaca (Santiago de Compostela)
- Investigación forense dos restos humanos.

As tarefas detalladas cos importes que figuran na cláusula segunda son as comunicadas ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática. No caso de que por motivos alleos sexa imposible realizar as actuacións previstas ou os importes dalgunha sufra variación, a USC comunicará esta circunstancia á Deputación Provincial da Coruña e, no seu caso, propoñerá as novas actuacións a realizar. A Deputación Provincial da Coruña analizará a proposta da USC e, no caso de considerada axeitada, solicitará ao Ministerio o cambio das actuacións a realizar. No caso de que o Ministerio autorice dito cambio, a Deputación Provincial da Coruña resolverá o cambio de actuacións aprobadas dende o Ministerio.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar non é posible promover a concorrencia, polas especiais características das actividades e da entidade coa que se convenia, posto que a USC, da que depende o grupo Histagra, é a única titular da investigación "nomes e voces", punto de partida para a realización dos traballos de investigación obxecto deste convenio.

SEGUNDA.- Orzamento de gastos e financiamento

2.1.- O orzamento global deste convenio ascende a un total de **166.623,50 €** que se distribuirá entre as partes como segue:

- A Deputación contribuirá ao financiamento do convenio mediante unha achega máxima de 150.000,00 €.

Esta achega da Deputación financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 0611/9253/22609, código de proxecto 2025.3.80010.3.

- A USC contribuirá ao financiamento do convenio asumindo os gastos do director e do equipo coordinador USC, por un importe total de 16.623,50 €.

O orzamento desagregado é o seguinte:

Fosa Serantes

Persoal contratado	14.270,95
Servizos documentación histórica	8.500,00
Arqueoloxía	17.770,95
Forense	4.066,99
Divulgación prensa	2.500,00
Divulgación académica	6.500,00
Bibliografía	900,00

Fosa Boisaca

Persoal contratado	11.770,95
Servizos documentación histórica	7.000,00
Arqueoloxía	10.770,95
Forense	3.000,00
Divulgación prensa	2.500,00
Divulgación académica	6.500,00
Bibliografía	800,00

Fosa Beira

Persoal contratado	8.770,95
Servizos documentación histórica	7.000,00
Arqueoloxía	9.770,95
Forense	3.500,00
Divulgación prensa	2.500,00
Divulgación académica	600,00
Bibliografía	300,00

Actuacións transversais

Audiovisual	7.070,95
-------------	----------

Costes Indirectos (10%)

Gastos de oficina e administración	13.636,36
------------------------------------	-----------

(luz, teléfono, limpeza, material de oficina..)

Achega da USC

Dedicación do director (75 horas) e do equipo coordinador por parte de profesorado da USC (300 horas): 16.623,50

Total orzamento: 166.623,50

A Universidade de Santiago de Compostela aportará o persoal, medios e loxística necesarios para a xestión das actuacións previstas na cláusula primeira do convenio.

A dita achega financiará exclusivamente o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

2.2. Considéranse subvencionables, os gastos que se relacionan a continuación:

a) Gastos de persoal dedicado a retribuír as actividades realizadas nos respectivos proxectos polo persoal incorporado aos mesmos.

b) Dietas e gastos de viaxes: os desprazamentos, aloxamento e manutención, ata o máximo correspondente ao Grupo 2 de dietas contemplado no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

c) Gastos de adquisición de material non inventariable e alugueiro de material inventariable necesarios para a realización do proxecto.

d) Material funxible (papelería, consumibles, equipos de protección individual, caixas, etc...).

e) Outros gastos, tales como os de publicidade e difusión das actividades realizadas, de prestación de servizos profesionais ligados á realización do proxecto, ou outros relacionados directamente coa actividade subvencionada.

f) Os gastos de funcionamento ordinario da entidade poderán ser subvencionables como máximo ata un 10% do custo da actividade subvencionada, sempre que se correspondan co período en que efectivamente se realiza a actividade subvencionada.

Os gastos subvencionables deberán responder de maneira indubitada á finalidade da subvención e ser realizados durante o desenvolvemento do proxecto e pagos con anterioridade á finalización do período de xustificación.

TERCEIRA.- Compromisos e obrigas das partes

A Universidade de Santiago de Compostela

Mediante a sinatura deste convenio a USC comprométese a realizar as actuacións recollidas na cláusula primeira, e en particular asume as seguintes obrigas:

* Designar a un "Director-USC" que terá a condición de catedrático: Lourenzo Fernández Prieto, catedrático de historia contemporánea da USC.

- * Designar a un equipo investigador coordinador-USC formado polos profesores: José Carlos Sánchez Pardo, Edgar Camarós Pérez, Antonio Miguez Macho e Daniel Lanero Táboas.
- * Achegar para os traballos deste convenio todo o coñecemento e experiencia acumulados polo Grupo Histagra-CISPAC a través da experiencia en "nomesevoces", Plan de Memoria Democrática de Galicia e CENOMI.
- * Asumir a selección, contratación e supervisión do "equipo investigador" así como do traballo realizado por este equipo .
- * Divulgar en redes sociais e prensa a investigación, a través das redes sociais da USC - Grupo HISTAGRA, así como da páxina que baixo dominio da Universidade se encarga de difundir as investigacións sobre a violencia franquista: nomesevoces.net e histagra.usc.gal, e realizar a difusión de carácter académico, de acordo co disposto na cláusula relativa a Publicidade e difusión.
- * Solicitar as autorizacións que sexan preceptivas para a realización das actuacións recollidas na cláusula primeira.
- * Achegar as súas instalacións, equipos informáticos e telemáticos, equipos de reprografía e demais materiais necesarios para o correcto desenvolvemento do traballo do persoal adscrito á USC e do equipo investigador constituído.
- * Contribuír á financiación deste convenio e en particular ás partidas relativas aos honorarios do director e do equipo coordinador adscrito a la USC, tal cual se detalla no orzamento da cláusula segunda.

A USC reconece que dispón de persoal e infraestrutura técnica adecuada para asegurar o logro dos obxectivos deste convenio e os compromisos reflectidos nesta cláusula. Se fose necesario contratar medios humanos, técnicos ou materiais complementarios para o adecuado desenvolvemento dos obxectivos, a contratación realizarase de acordo coa normativa específica que resulte de aplicación.

A Deputación Provincial da Coruña

A Deputación Provincial da Coruña colaborará nos custos derivados da realización das actividades obxecto deste convenio, por importe máximo de 150.000,00€, segundo o disposto na cláusula segunda.

Na presentación das actividades participará o presidente da Deputación e/ou a deputada responsable en materia de dereitos civís, ou persoa en quen delegue.

A Deputación Provincial da Coruña, conxuntamente co Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, distribuirá o informe final resultante deste convenio aos familiares, ás asociacións interesadas ou que puideran participar nas actuacións e á Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Para percibir a correspondente achega, a USC presentará electronicamente, coa data límite do 10 de decembro de 2026, a seguinte documentación:

- Memoria subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Estudo de investigación histórica, prospección e localización das tres fosas.
- Publicacións académicas e divulgación en prensa e divulgación académica.
- Material de gravación audiovisual dos traballos nas tres fosas.
- Informe final dos resultados obtidos das actuacións obxecto do convenio. Na redacción do informe final terase en conta o punto III, apartado D) do Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da Guerra Civil e a Ditadura.
- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación se achegarán copias das facturas e demais xustificantes de gasto.

- Para os gastos de persoal, deberán entregar partes horarios asinados semanal ou mensualmente polas persoas traballadoras cuxos gastos se imputen, nos que se especifiquen as horas de dedicación á actividade subvencionada, e ás demais actividades en que interveñan, estean financiadas ou non por axudas.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula sétima.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización para que sexan comprobadas pola Deputación.
- Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación

A USC responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

Para que o aboamento poida ser financiado ata o importe máximo, os gastos xustificados deberán acadar, como mínimo o dito importe. No caso de que a contía dos gastos xustificados fose inferior, a cantidade a percibir quedará reducida proporcionalmente, aboándose o importe correspondente ao gasto efectivamente xustificado.

No caso de incumprimento parcial das obrigas da USC, a cantidade a percibir determinarase en aplicación do principio de proporcionalidade sempre que o cumprimento da USC se aproxime significativamente ao cumprimento total e se acredite por aquela unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos.

O pago efectuarase mediante transferencia bancaria á conta da USC que esta determine ou figure actualizada nos rexistros da Deputación da Coruña.

QUINTA.-Confidencialidade e transparencia

As partes acordan tratar confidencialmente todos os datos, a documentación e a información que fose subministrada á outra parte durante a vixencia do presente convenio. Ambas as partes tamén acordan non divulgar esta información a ningunha persoa ou entidade, exceptuando os seus traballadores, coa condición de que tamén manteñan a confidencialidade e só na medida en que sexa necesario para a correcta execución deste convenio.

O acordo de confidencialidade seguirá vixente incluso despois da extinción deste convenio, sexa cal for a causa da devandita extinción.

Todo iso sen prexuízo do debido cumprimento, por ambas as partes, en atención á súa propia natureza, das obrigacións de publicidade e transparencia derivadas da normativa aplicable, en especial da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SEXTA. Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados.

Os traballos, informes e resto de material que resulten das actuacións obxecto do presente convenio, serán de titularidade e uso común da Deputación Provincial da Coruña e da USC e cederánselle os dereitos sobre o informe final ao Ministerio Política Territorial e Memoria Democrática. Os resultados quedarán para futuros proxectos de memoria democrática e as partes poderán utilizados nun futuro indistintamente.

A Deputación Provincial da Coruña resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

En calquera caso a USC poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio e do Ministerio Política Territorial e Memoria Democrática.

SÉTIMA. Difusión da colaboración das partes.

En todas as actuacións que se realicen no ámbito deste convenio, incluíndo toda documentación ou publicación de calquera índole e soporte, así como aquelas actuacións de comunicación, visibilidade e publicidade farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse os logotipos de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa, facendo constar que son financiadas polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, utilizando a estes efectos o logotipo oficial do departamento, así como incorporar este logotipo en cantos materiais se reproduzan e utilicen para a publicidade e difusión das actividades realizadas.

A financiación das actuacións obxecto deste convenio polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática poñerase de manifesto de acordo co disposto no Real Decreto 1465/1999, de 17 de setembro, polo que se establecen criterios de imaxe institucional e se regula a produción documental e o material impreso da Administración Xeral do Estado.

O uso e a difusión sobre os resultados, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

OITAVA.- Modificación, denuncia e rescisión do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mútuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

NOVENA.- Inexistencia de relación laboral

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Deputación Provincial da Coruña, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- Protección de datos persoais

En cumprimento do previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Deputación da Coruña e a USC actuarán ambos como responsables do tratamento dos datos deste convenio, cada un nas súas funcións respectivas. Así mesmo, deberán cumprir co disposto no artigo 155 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, para o tratamento dos datos que con ocasión deste convenio podan cederse reciprocamente a USC e a Deputación da Coruña.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Seguimento

Crearase unha Comisión Técnica Mixta, coa finalidade prevista no artigo 49 apartado f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, especialmente para a coordinación e o seguimento das diferentes actuacións desenvolvidas ao amparo do presente Convenio. Será a encargada de resolver cantas cuestións poidan formularse durante a vixencia do Convenio, derivadas de posibles discrepancias en canto a súa execución ou interpretación dos acordos, así como de acordar a súa prórroga e a nova memoria de actividades para cada anualidade.

A Comisión estará constituída, baixo a presidencia da deputada responsable en materia de dereitos civís, por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes.

A Comisión reunirase sempre que sexa necesario para o seguimento do convenio.

As reunións da Comisión poderán asistir cantas persoas se consideren necesarias en función do asunto a tratar en cada sesión, por invitación da presidencia.

Os acordos da Comisión adoptaranse co voto favorable da maioría dos seus membros.

O réxime de funcionamento da Comisión será o establecido nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEGUNDA.- Duración e vixencia.

As actividades que son obxecto deste convenio, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse dende a sinatura do convenio ata o 7 de novembro de 2026.

O presente convenio estenderá a súa vixencia ata o día 1 de febreiro de 2027, para os efectos de aprobación da xustificación regulada na cláusula cuarta.

Previa solicitude da USC, que deberá realizarse antes do 1 de agosto de 2026, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, sempre que se autorice expresamente a prolongación do prazo de realización da actividade polo Ministerio Política Territorial e Memoria Democrática, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO TERCEIRA. Outras causas de resolución: posibles incumprimentos.

1.- Ademais da extinción polo transcurso do prazo de vixencia, serán causas de resolución do presente convenio o acordo unánime das partes asinantes e o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes.

2.- No caso de incumprimento, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento, outorgándolle un prazo de quince días hábiles para que proceda a cumprir as obrigas e compromisos asumidos que se consideren incumpridos. Dito requirimento tamén será notificado a comisión regulada na cláusula terceira. Se no transcurso do prazo indicado persistira o incumprimento indicado, entenderase resolto o convenio, debendo indemnizarse pola parte incumpridora os danos e prexuízos causados.

No caso de que o incumprimento dos compromisos e obrigas da USC, motive o reintegro da subvención percibida pola Deputación ao abeiro do Real decreto 866/2025, de 30 de setembro, a USC deberá aboar a esta Deputación os xuros de mora que lle sexan liquidados polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática.

DÉCIMO CUARTA.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio está suxeito ás normas de dereito público que regulan os convenios e a actuación administrativa xeral das entidades locais e da universidade. En particular, os artigos 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 48 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, artigo 111 do Texto Refundido das Disposicións Vixentes en materia de Réxime Local (RD Lexislativo 781/1986) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Lei 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e a normativa da USC que resulte de aplicación.

Así mesmo, pola súa natureza, o presente convenio atópase excluído da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español, as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ao amparo do disposto no seu artigo 6.2.

Non obstante, serán aplicables ao convenio os principios da citada Lei de Contratos do Sector Público para resolver ás dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

Para a resolución de cantas controversias se poidan suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación resolución ou cumprimento do aquí convido, establécese o sometemento expreso á xurisdición contencioso-administrativa, dada a súa natureza administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución número 7599 de data 24 de febreiro de 2026.

En proba de conformidade, ambas partes asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O REITOR MAGNÍFICO DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Antonio López Díaz

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Miguel Iglesias Martínez